

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE NOVEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 28 de novembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 25 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto
D. Antonio Villanueva Guimeráns, vogal xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5b, 6b, 9, 10a e 10c)
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. Mar Soto García, vogal suplente da xefa do Servizo de Igualdade, asiste aos puntos 5a e 6a)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 21 de novembro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días á UTE ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. e YOLANDA MARÍA SANTOS PÉREZ para que emendase a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á UTE ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. e YOLANDA MARÍA SANTOS PÉREZ por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 27 de novembro de 2019 de valoración da “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 25 de novembro de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”. A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda excluír a GUADALTEL, S.A. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP “Atendendo a criterios de calidade, aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación superior aos 25 puntos, no conxunto de elementos a valorar mediante criterios subxectivos, quedarán excluídos do presente procedemento de contratación”.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero, e que constitúen o obxecto do contrato dos medios persoais adscritos ao servizo	Maior formación en materia de igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo
1	FUNDACIÓN ALDABA	28.509,98 €	15 meses	115 horas

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Compróbase na sesión que a oferta do licitador non contén valores anormais en aplicación da fórmula recollida na cláusula 18 do PCAP.

En cumprimento do previsto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"), a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a FUNDACIÓN ALDABA a seguinte puntuación segundo o disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero, e que constitúen o obxecto do contrato dos medios persoais adscritos ao servizo	Maior formación en materia de igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo	Total
1	FUNDACIÓN ALDABA	45 puntos	15 puntos	15 puntos	75 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador nos criterios avaliados mediante xuízo de valor no informe de data 27 de novembro de 2019, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	FUNDACIÓN ALDABA	15 puntos	75 puntos	90 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo



(8.862-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Bolsa horas adicionais de mantemento evolutivo perfectivo ata un máximo de 35 horas adicionais	Incremento do prazo mínimo de garantía (anos)
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	118.580,00 €	35 horas	2 anos

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En cumprimento do previsto na cláusula 16.3 do PCAP (“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”), a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a IMATIA INNOVATION, S.L. a seguinte puntuación segundo o disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:

	Licitador	Prezo	Bolsa horas adicionais de mantemento evolutivo perfectivo ata un máximo de 35 horas adicionais	Incremento do prazo mínimo de garantía (anos)	Total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	30 puntos	14 puntos	6 puntos	50 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador nos criterios avaliados mediante xuízo de valor no informe de data 25 de novembro de 2019, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	49 puntos	50 puntos	99 puntos

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Dáse conta do escrito presentado o 26 de novembro de 2019 por D. ALBERTO GARCÍA LÓPEZ, en representación de CIE TECNOLOGÍAS, S.L.U. (documento nº 190186132), no que solicita unha serie de aclaracións en relación coas proposicións presentadas nesta licitación.

Comunícase que con data 28 de novembro de 2019 se deu traslado a D. ALBERTO GARCÍA LÓPEZ, en representación de CIE TECNOLOGÍAS, S.L.U., do informe emitido pola técnica de Administración Xeral da mesma data en contestación ao escrito presentado.

A continuación, entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 25 de novembro de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113) na seguinte orde decrecente:

Ord e	Licitador	Puntuación total
1	ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.	97,40
2	CIE TECNOLOGÍAS, S.L.	90,44
3	EDNON, S.L.	74,63
4	ECONOCOM SERVICIOS S.A.	68,72
5	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	64,53
6	OUTROS ADAXES, S.L.	43,13
7	CODETEL INGENIEROS SL	43,07

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. con CIF B-15.123.177, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224) na seguinte orde decrecente:

	Licitador	Puntuación total
1	FUNDACIÓN ALDABA	90 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar e único lugar, FUNDACIÓN ALDABA con CIF G-82.453.606, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Compromiso de adscripción á execución do contrato dos medios persoais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo VIII.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de novembro de 2019, de GUADALTEL, S.A. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	99 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2020 (expediente nº 8165-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 4 de outubro de 2019 asinado pola Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 8 de outubro de 2019, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 65.000,00 € (correspondendo 11.280,99 € ao ive) con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2020 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	85 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 15 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 26 e 28 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 8 de novembro de 2019 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 14 de novembro de 2019 polo que se lle outorga a máxima puntuación á proposición avaliable a través de fórmula por ser o único licitador presentado e admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CARROFESTA, S.L., con CIF B-32.475.972, o procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 63.041'00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.941'00 euros.*
- b) *A oferta inclúe a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con bosquejo.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:35	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAH4D-C9273H-C1C24H-V648YV-JEXLV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		